



6º DÚATLON MENORES CONCELLO DE CEDEIRA CLASIFICATORIA XOGADE PROVINCIA A CORUÑA (BX/ALV/INF/CAD)

O mesmo día celebrarase unha proba federada non competitiva para prebenxamíns

REGULAMENTO

Organiza:

CN Cedeira Muebles García
Federación Galega de Tríatlón e Péntatlón Moderno
Teléfono: 982251345

Patrocina e promove:

Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia

Colaboran:

Concello de Cedeira
Deputación de A Coruña
Protección Civil Cedeira

Datos da proba:

Proba Clasificatoria para a Final Provincial de Dúatlón Escolar de A Coruña. Dirixida a deportistas inscritos e inscritas no programa XOGADE na actividade deportiva escolar de Dúatlón da provincia de A Coruña, das categorías , Benxamín, Alevín, infantil e Cadete

A inscrición no programa pode realizarse a través da web <https://inscripcionxogade.xunta.gal/>

A proba rexerese segundo as normativas vixentes do [Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar](#) que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlón e P.M e da Federación Española de Tríatlón. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

Inscricións:

Inscrición gratuíta.(Só deportistas de alta no programa Xogade na actividade deportiva escolar de dúatlón, na provincia de A Coruña).

Ata ás 15:00 h. do martes 13 de febreiro de 2024 . Enviar folla de inscrición (excell anexo) ao correo electrónico: fegatri@hotmail.com con copia a deportes.coruna@xunta.gal



Data e horarios da carreira:

Sábado 17 de febreiro de 2024

HORA	CATEGORÍA	ANOS
15:00	Benxamin Feminina	2015 e 2016
15:10	Benxamín Masculina	2015 e 2016
15:30	Alevín Feminina	2013 e 2014
15:50	Alevín Masculina	2013 e 2014
16:15	Infantil Feminina	2011 e 2012
16:40	Infantil Masculina	2011 e 2012
17:10	Cadete Feminina	2009 e 2010
17:40	Cadete Masculina	2009 e 2010

Hora de remate das probas as 18:30 h.

Entrega de Premios ás 19:00 h. aprox

Distancias:

CATEGORÍA	ANOS	CARREIRA 1		BICICLETA		CARREIRA 2	
Benxamín	2015 / 2016	1 Volta	400 m	1 Volta	2 km	1 Volta	200 m
Alevín	2013 / 2014	1 Volta	800 m	2 voltas	4 km	1 volta	400 m
Infantil	2011 / 2012	2 Voltas	1200 m	3 voltas	6 km	1 volta	600 m
Cadete	2009 / 2010	2 Voltas	1600 m	4 voltas	8 km	1 volta	800 m

Saída, transición e meta:

Paseo Marítimo Praia A Magdalena.

Recollida de dorsais:

Dende ás 13:00 ata media hora antes de cada saída.

Control de Material:

Dende 30 minutos antes de cada saída ata 10 minutos antes da mesma.

Os/as deportistas accederán con todo o material colocado (dorsais, casco, bicicleta...)

Cámara de chamadas

Os/as deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10' antes da súa saída.

Premios:

- Medallas a cargo do organizador para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría e xénero.

Cronometraxe

Haberá cronometraxe con chip, farase entrega co dorsal, os cales serán devoltos integramente ao finalizar a carreira.



Servizos médicos e seguros deportivos

Os servizos médicos da organización destinados ao longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido de ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre triatletas, polo que estes lle deberán ceder o paso.

Os/as participantes, contarán co seguro deportivo do programa XOGADE, para actividade deportiva escolar, debendo seguir o protocolo publicado na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia ante calquera incidencia.

Reclamación e Apelación

Segundo o regulamento oficial de competición anexo FEGATRI.

CIVISMO E RESPECTO:

Os/as participantes a través dos seus responsables, aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta.

Así mesmo, manifiestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométese tamén a tratalo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os/as xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación de acordo ao regulamento deportivo. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

NOTA:

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente a interesados/as, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento en coordinación co Servizo de Deportes de A Coruña.

PARKING RECOMENDADO:



PERCORRIDOS:







Gracias aos nosos colaboradores:



Concello de Cedeira



Deputación da Coruña



GRUPO EURORED

